



**ACTA DE 9 DE OUTUBRO DE 2019 DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO SOBRE A FORMALIZACIÓN DOS NOMEAMENTOS DE PERSOAL ESTATUTARIO EVENTUAL DE CONTINUIDADE NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

**Asistentes:**

**Pola Administración:**

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.  
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.  
M<sup>a</sup> José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.  
Manuel Díaz López, - Xefe de Servizo de Selección Temporal.  
Javier García Caeiro, - Xefe de Servizo de Relacións Laborais.  
Silvia Negreira Vidal. - Xefa de Servizo de Recursos e Reclamacións.

**Polas organizacións sindicais:**

Roberto C. Martín Dopico (CESM-O'MEGA)  
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)  
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)  
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)  
Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)  
Carlos Castro Rivas (CSI-F)  
Manuel González Vázquez (CSI-F)  
María Emma Rodríguez Corte (SATSE)  
Ana Luisa López López (SATSE)

En Santiago de Compostela, as 11:00 horas do día 9 de outubro de 2019, na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde reúnese a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do apartado 10 da Resolución do 24 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación das bases do nomeamento estatutario eventual de continuidade (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro), coa asistencia das persoas á marxe relacionadas. Logo de realizadas as negociacións no seo da Comisión, as partes asinantes acadan o seguinte

**ACORDO**

**1.-Extensión das melloras acordadas para o persoal médico de familia á categoría de enfermeiro/a.**

As melloras adoptadas para o persoal médico de familia e recollidas na acta de 2 de maio de 2019 da Comisión de Seguimento do Acordo, serán de aplicación á categoría de enfermeira/o. En concreto, esténdense a medida de ter fixado mensualmente, como mínimo, o oitenta por cento da carteleira e a realización do estudo das necesidades de creación de prazas de estrutura.

Respecto ao ámbito funcional dos nomeamentos de continuidade na categoría de enfermeira/o, procede concretar que a/o enfermeira/o prestará servizos ou ben no ámbito de atención hospitalaria ou ben no ámbito de primaria. E dentro do ámbito de primaria,

Handwritten signatures and initials in blue ink on the left margin, including 'UGT', 'CSI-F', and 'SATSE'.

Handwritten signatures and initials in blue ink at the bottom of the page.

traballará ou ben nun Centro de Saúde ou ben nun Punto de Atención Continuada (PAC).  
Non se mesturarán os ámbitos.

As/os enfermeiras/os vinculadas/os nun centro de saúde non traballarán en PAC, nin estarán obrigados a realizar gardas en PAC.

## 2. Apartado oitavo 3 b) do acordo (DOG Núm.22 do 31 de xaneiro).

Como mellora do establecido na base oitava 3.b) do acordo, este persoal terá fixado mensualmente un mínimo do 80% da carteleira, e procurarase chegar ao 100%.

## 3.- Revisión dos ámbitos potenciais que poden abarcar os nomeamentos de continuidade.

Tal e como se acordou nas actas do 7 de febreiro e 2 de maio de 2019, da Comisión de Seguimento do Acordo, procedeuse a revisión dos ámbitos potenciais dos nomeamentos de continuade, aprobando os mapas de zonificación que figuran anexos á presente acta. Respecto das zonificacións definidas pola Comisión en febreiro do 2019, se incorporan as seguintes modificacións :

**FERROL:** O Centro de saúde de Cerdido deixa de pertencer á Zona de Ortegal e se incorpora á Zona de Narón.

**SANTIAGO:** Créanse 2 novas zonas (O Pino e Muros), pasando de 6 a 8 zonas.

A zona de Ordes se divide dando lugar a creación de dúas zonas: Zona de Ordes, e Zona de O Pino.

A zona de Negreira se divide dando lugar a creación de dúas zonas: Zona de Negreira, e Zona de Muros.

**OURENSE:** Créase unha nova zona (Ourense 4).

A zona de Ourense 3 se divide dando lugar a creación de dúas zonas: Zona de Ourense 3 e Zona Ourense 4. As zonas quedan configuradas do seguinte xeito:



Zona 3 Ourense: Mariñamansa e A Carballeira.

Zona 4 Ourense: Nóvoa Santos, O Couto e Calvos de Randín.

As dúas zonas están adscritas ao PAC de Ourense.

**VIGO:** Modifícanse as Zonas Vigo 1 e Vigo 2 reducindo o número centros asignados, creando unha nova zona Vigo 3. As zonas quedan configuradas do seguinte xeito:

Zona Vigo 1: Bembrive, Casco Vello, A Doblada, Matamá, Sárdoma e Teis.

Zona Vigo 2: Coia, Coruxo, López Mora, San Paio de Navia, Pintor Colmeiro e Nicolás Peña.

Zona Vigo 3: Lavadores, Vigo centro Rúa Cuba, Vigo centro Taboada Leal, Rosalía de Castro e Beiramar.

As tres zonas están adscritas ao PAC Vigo (C.I.S. Taboada Leal)

Nas ámbitos do nomeamento de continuidade que corresponden ás Xerencias de A Coruña e Lugo non se realizan cambios.

Na seguinte comisión revisaranse as zonificacións de Pontevedra e Ferrol, logo das propostas que remitan as organizacións sindicais.

Polas organizacións sindicais:

  
CESM -O'MEGA

  
CSIF

  
UGT

  
SATSE

Pola Administración:

